XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

# FICHA RESUME

**PE 403A 2008/6-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2009 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA |
| **Plan explotación(1)** | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN |
| **Réxime (2)** | LIBRE MARISQUEO |
| **Modalidade (3)** | MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE. |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Navalla (*E.arcuatus*) e Longueirón (*E.siliqua*) |
| **Ambito do plan** | De Puntal da Serra a Punta do Boi |
| **Subzonas de explotación** | |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| | 6 | 13 |
| **Ampliación do número de permex (4)** | | **NON** |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| **Calendario de explotación** | |
|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 40 |
| **Época y zona probable de extracción (5)** : xaneiro a decembro, cunha **veda para navalla nos meses de febreiro e marzo e para o longueirón nos meses de maio e xuño.** | |
| **Modalidade(3):** mergullo con subministro de aire dende superficie | |

| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |

| **Especies** | **Embarcación** | **Tripulante/día** |
|---|---|---|
| Navalla | Establecerase na resolución de apertura | Establecerase na resolución de apertura |
| Longueirón | Establecerase na resolución de apertura | Establecerase na resolución de apertura |

| | |
|---|---|
| **Arte ou técnica de extracción** | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Embarcación da confraría e lonxa de Baiona |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Baiona. |

| **Accións a realizar (7)** | **Epocas probables (8)** | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Sementeiras** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros** | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** [9]

Considerando que:

a) Este plan está aprobado dende o ano 2003 e só se realizou actividade extractiva en 21 días, segundo se indica no propio plan. Polo tanto, non existen datos continuados de extracción que permitan avaliar o estado e evolución do recurso

b) Os bancos de traballo dentro da zona autorizada non están delimitados.

c) Non existen mostraxes biolóxicas que permitan determinar a abundancia, densidade e estrutura de tallas da poboación.

d) Os obxectivos de produción, calendario e topes de captura propostos carecen de base e poderían estar sobreestimados.

Estímase necesario que con anterioridade ao inicio da explotación no ano 2009 se presente unha avaliación do recurso mediante un informe das mostraxes completo, e unha delimitación dos bancos marisqueiros na zona de traballo con coordenadas cartográficas. A planificación da actividade extractiva (calendario, topes de captura, etc.) estaría supeditada ao resultado do estudo realizado e da definición dos bancos.

VEDAS: acéptase a veda de longueirón os meses de maio e xuño; sen embargo no caso da navalla a proposta de veda non sería bioloxicamente axeitada, polo que deberá retrasarse ata os meses de febreiro e marzo.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS
Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Telefóno 981 544 007 – Fax 981 545 025

control recolleranse os datos necesarios para o seguemento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

ACTIVIDADE DE MERGULLO: segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 31.10.2008 autorizase a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente. Por outra banda, **como tódolos mergulladores teñen a titulación de recolector submariño a técnica de mergullo a empregar será exclusivamente a de subministro de aire dende superficie.**

---

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de…,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea,  con subministro de aire
(4): Indicar en negrita o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15….
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,….
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubrilo á administración